

PAUTAS DE COMENTARIO DUN CLIMOGRAMA

1. INTRODUCCIÓN

Definición de climograma + en caso de que apareza, cidade á que pertence e altitude.

2. COMENTARIO

-Análise de precipitacións

- Total anual en mm: moi abundante (>1000 mm; abundante >800 mm; moderado 800-500 mm; baixo 500-300 mm; moi escaso <300 mm; extremadamente escaso <150 mm).
- En que mes se produce o máximo de precipitación? En cal o máximo secundario? E en cal o mínimo? → Relación coas estacións.
- **Se a liña de temperatura aparece por debaixo de 0º, podemos asumir que a precipitación será en forma de neve.*

-Análise de temperaturas

- Temperatura media anual
- Cal é o mes que rexistra unha temperatura media máis alta?, cal é o máximo secundario? e cal o mínimo? → Relación coas estacións.
- AMPLITUDE TÉRMICA: diferenza entre o mes máis cálido e o máis frío.
 - Moi baixa: <8º
 - Baixa: 9-12º
 - Moderada: 12-16º
 - Alta: 16-18º
 - Moi alta: +18º

-Relación entre precipitación e temperaturas. Índice de aridez: Índice de Gaussen: permítenos saber que meses son áridos e que meses son húmidos. Cando a liña de temperatura supera á barra das precipitacións temos aridez.

2 meses áridos: climas oceánicos

+ de 2 meses áridos: climas mediterráneos

3. CONCLUSIÓN

-Clasificación do tipo de clima.

-Que factores xeográficos e atmosféricos inflúen nese tipo de clima: latitude, relevo, distancia ao mar, anticiclóns, borrascas e frontes.

-Localización xeográfica do clima

****Relación con xeografía humana e outros elementos do medio natural como a hidrografía ou a vexetación.**

Altitud (m): 11 - Latitud: 39° 28' 50" N - Longitud: 00° 21' 59" O
 Temperatura media anual: **17,8 °C**
 Precipitación media anual: **454 mm**

